



## CONCELLO DE OURENSE TRIBUNAL ECONÓMICO ADMINISTRATIVO

### MEMORIA 2011

O documento que se presenta tén por obxecto resumir o traballo desenvolvido polo Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Ourense durante o ano 2011, no exercicio das funcións que lle corresponden fixadas no seu Regulamento, aprobado polo Pleno do Concello de Ourense de 6 de maio de 2005.

O labor desenvolvido polo Tribunal no pasado exercicio caracterizouse pola continuidade na aplicación dos criterios asentados en exercicios anteriores, cós obxectivo sempre, de seguir garantindo a legalidade e eficacia das actuacións municipais en materia de ingresos de dereito público, así como a seguridade jurídica dos cidadáns e entidades de Ourense.

A actividade, en cifras, exercida polo Tribunal en 2011 resúmese nas estatísticas que se adxuntan a continuación, distinguíndose un cadro resumo global, un relativo ós acordos adoptados nas reclamacións económico-administrativas, unha clasificación por conceptos e outra segundo o período de recadación das débedas, xunto coas oportunas aclaracións sobre a información presentada.

#### **CADRO I. RESUMO GLOBAL DO 2011**

<b>TOTAL EXPEDIENTES TRAMITADOS</b>	<b>139</b>
<b>RECLAMACIÓNS REXISTRADAS</b>	<b>133</b>
<b>RECLAMACIÓNS RESOLTAS</b>	<b>123</b>
<b>DITAMES</b>	<b>1</b>
<b>INFORMES</b>	<b>15</b>
<b>RECLAMACIÓNS PTES. RESOLUCIÓN</b>	<b>51</b>
<b>RECURSOS CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS</b>	<b>16</b>

- As reclamacións económico-administrativas presentadas no 2011 ascenderon a 133, fronte ás 132 do exercicio anterior.
- O número total de expedientes tramitados no exercicio das competencias do Tribunal acadou os 139, integrando esta cifra as reclamacións económico-administrativas resoltas, os ditames emitidos sobre os proxectos de modificación das ordenanzas fiscais e os informes elaborados a petición da Recadación Municipal consecuencia de procedementos concursais.
- As reclamacións resoltas recollidas no cadro I, incorporan as tramitadas ata o 25 de xaneiro de 2012, e corresponden ás presentadas en distintos exercicios cós seguinte detalle:

<b>2010</b>	<b>2011</b>	<b>TOTAL RESOLTAS</b>
<b>41</b>	<b>82</b>	<b>123</b>



## CONCELLO DE OURENSE TRIBUNAL ECONÓMICO ADMINISTRATIVO

- Na cifra total de reclamacións resoltas inclúense as pezas separadas de solicitudes de suspensión, dos incidentes de execución de reclamacións e un recurso de anulación.

### CADRO II. RECLAMACIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS

	TOTAL RECLAMACIÓN	%
ESTIMACION TOTAL	33	26,8
ESTIMACION PARCIAL	17	13,8
DEESTIMACION	48	39
ARQUIVO SATISFACCION EXTRAPROCESAL	9	7,3
INADMISIBILIDADE	16	13,0

- A forma de terminación das reclamacións mediante arquivo de actuacións por satisfacción extraprocesal refírese principalmente tamén neste exercicio, a liquidacións practicadas por IBI nas que se produce a súa baixa ou anulación no tempo que transcorre desde a presentación ata a resolución da reclamación.
- Respecto das resolucións de inadmisibilidade, prodúcense na súa maioría como consecuencia da presentación fora de prazo das reclamacións, e en moita menor medida, só en dúas delas, por falta de lexitimación ou representación do reclamante.

### CADRO III. CLASIFICACIÓN POR CONCEPTOS

	TOTAL RECLAMACIÓN	%
IBI	37	28,2
IVTM	36	27,4
IIVTNU	7	5,3
IAE	6	4,6
ICIO	1	0,7
TAXAS	22	16,7
SANCIÓN TRIBUTARIAS	6	4,6
MULTAS URBANÍSTICAS	2	1,5
SANCIÓN TRÁFICO	10	7,6
OUTROS	4	3

- Do cadro III despréndese que a maior parte das reclamacións resoltas corresponden a ingresos tributarios que obtén o Concello de Ourense, principalmente por IBI e polo IVTM.
- No concepto taxas se inclúen reclamacións referidas fundamentalmente a dous tipos de ingresos tributarios:



## CONCELLO DE OURENSE TRIBUNAL ECONÓMICO ADMINISTRATIVO

- As taxas por ocupación do dominio público local, derivadas na súa maior parte, tamén neste exercicio, da obra pública de saneamento de Ourense, rematada en 2011.
- As taxas polo servizo de recollida de lixo esixidas mediante exaccións unificadas, sistema que deixou de empregarse no 2002, continuando a súa tendencia á desaparición.
- No concepto OUTROS se recollen acordos de compensación, incidentes de execución y o recurso de anulación.
- As diferenzas existentes entre a totalidade de reclamacións resoltas, 123, e a totalidade destas recollidas na clasificación por conceptos, 131, responde a que en algunhas se impugnan diferentes tributos nunha mesma reclamación.

### CADRO IV. CLASIFICACIÓN POR PERIODO DE RECAUDACIÓN

	TOTAL RECLAMACIONES	%
PERIODO VOLUNTARIO	61	49,6
PERIODO EXECUTIVO	62	50,4